

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A DIÓCESE DE TUI-VIGO PARA O EMBELECEMENTO DA CONTORNA DA ROMARÍA DA FRANQUEIRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Diócese de Tui-Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Diócese de Tui-Vigo para o embelecemento da contorna da romería da Franqueira.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade, e ten, entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- A Franqueira é unha parroquia do concello da Cañiza, no que se erixe o santuario de Nosa Señora a Virxe da Franquiera, que rende culto á imaxe da Virxe da Fonte. Son coñecidas as romarías, declaradas de interese turístico de Galicia e por ser unha das imaxes marianas máis antigas de toda Galicia xunto coa Virxe da Barca e a das Ermitas. Trátase dun lugar que acolle a miles de peregrinos e visitantes que acoden ao santuario, e que conta cunhas magníficas vistas desde os Miradoiros do paradanta e con extensas áreas recreativas.



Terceiro.- O 26 de outubro de 2017 asinouse un convenio de colaboración entre o concello da Cañiza e a Axencia Turismo de Galicia para o acondicionamento interior do núcleo da Franqueira, para mellora e humanización dun espazo histórico moi degradado. A actuación centrouse no pavimento, detalles de encontros entre rúas e vivendas, sumidoiros e cambio de luminarias existentes.

Cuarto.- Con este convenio preténdense completar as actuacións obxecto do citado convenio asinado no ano 2017, coa realización das actuacións obxecto do presente convenio para o embelecemento da contorna da romaría da Franqueira (obras no altar e fondo do Santuario, plantación de árbores), para o que é preciso asinar o presente convenio de colaboración coa Diócese de Tui-Vigo por ser a titular dos bens nos que se van a realizar as citadas actuacións.

Que a través deste convenio, outórgase á Diócese de Tui-Vigo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

